

# A VELLIÑA VELLA

## PRINCIPIO DUNHA HISTORIA

**O** escudeiro Pay Soares, que non fora na súa vida ao San Andrés de Teixido, ergueuse na súa

cova e tomou camiño cara ao Norte.

Camiñando, camiñando, surtiulle unha velliña vella, branca como o luar, de loito vestida. Pay Soares ficou os xellos no chan e beixoulle os pés.

- Por onde vas, Pay Soares?
- Lonxe, cara ao norte, ao San Andrés de Teixido.
- Non entrarás no ceo se aló non vas...
- Ides soíña e tristeira ...
- Coroa podía eu levar na miña testa.
- Se tiverades fillos que a recadasen!
- Logo é certo que o mundo principia unha nova vida?
- Andan a crebar as vellas madeas.
- Tamén eu vou chamar aos meus fillos ...

E a velliña vella colleu para a vila e chamou á porta dun seu fillo que era avogado.

- Veño a que defendas o meu dereito.
- Cal é, logo o voso dereito?
- Houbo un tempo no que toda esta terra era mina, e os meus fillos tamén eran meus. Mais viñeron os meus veciños e fixéronse donos dos meus eidos, e mais asañáronse na miña honra. E trocaron de tal xeito aos meus fillos, que case non os coñexo, nin eles me coñecen a min. Tanto se imitan aos estraños... E coma ti es avogado, quero que defendas o meu dereito, para que me fagan xustiza, e me volvan os meus fillos, e me volvan o meu casar.

Respondeu o avogado:

- Señora, eu non podo defender o voso dereito, que non está escrito en ningún código. Eu non defendo máis que os dereitos que estean amparados pola lei.

E a velliña vella marchou coa alma amargurada pola rúada da orballeira frienta, e foi onda un seu fillo que era escritor.

- Onda ti veño para que me defendas. Ti escribes nos papeis e os homes escóitante. Fixéronme inxustiza e tiráronme o que era meu. O meu fillo avogado non me quere defender, porque o

meu dereito non está nos códigos. Mais ti has falar por min, para que a xente faga leis que me amporen.

Respondeu o escritor:

- Señora, a xente dáme tino porque lle falo do que ela quere. Quen ten que ver co voso dereito? Eu non vos pododo defender, senón perderei o creto.

E a velliña vella mrachou coa alma amargurada pola rúa choviñenta petar a outra porta. E foi ver a un seu fillo que viñera das Américas con moito diñeiro.

- Aquí veño onda ti, poque os que me podían defender, desbotáronme; non queren pedir para min xustiza, nin vingar as aldraxes que me fan. É que me ven pobre. Mais ti darasme os cartos e erguerei todos os meus fillos atrás de min.

Respondeu o americano:

- Señora, eu teño que atender cos meus cartos ás obras que traio entre mans: eu fago escolas, asilos e hospitais que pasman á xente e pregoan o meu nome. Se eu vos dera tino, quen me ía chamar gran filántropo?

E a velliña vella fuxiu da vila e principiou a andar por unha corredeira enlamada. Ao pé do camiño, atopou a un dos seus fillos, que era labrego, traballando nun eido.

A velliña vella faloulle:

- Eu tiña terras, e xa non as teño; tiña fillos, e os fillos déixanme. Andei a pedir xustiza, pecháronme todas as portas...

O labrego escoitaba moi atento, botado para adiante, apoiado coas dúas mans no legón.

A velliña vella seguiu:

- Andei na vila petando a todas as portas, de todas me botaron. Agora veño onda ti, que me has defender contra todos. Se ti queres, recobrarei as miñas terras, os meus fillos voltarán onda min, e tornarei ser o que fun.

O labrego respondeu:

- Señora, o que a vostede lle pasa, levar, lévame lástima... Afellas que me leva!... Mais neste mundo, cada un goberna a súa vida e procura do seu... Velai está: se viñera un goberno que quitara os foros, que quitara os caciques, que quitara os trabucos...

E revolveuse e seguiu sachando no eido.

A velliña vella, magoada e tristeira foi andando, andando...

O escudeiro Pay Soares tornaba da súa romaxe, en procura da súa campá na igrexa da aldea. No medio da gándara esquiva, atopou a velliña vella, a carón dunha pedra das que chaman pedras dos xentís.

Estaba petando nela cun croio, para espertar aos que dormen debaixo o sono eterno...